



Anexo V

Baremo

1. **Idade:** máximo 10 puntos

- Con menos de 65 anos, 2 puntos.
- Entre 65 e 74 anos, 4 puntos.
- Entre 75 e 84 anos, 6 puntos.
- Con 85 ou máis anos, 10 puntos.

Para o cálculo desta variable computarase a idade da persoa solicitante e, se procede, a da persoa cónxuxe, parella de feito ou persoa coa que manteña unha unión estable e de convivencia cunha relación análoga á conxugal ou acompañante aplicándose a puntuación media resultante.

2. **Situación económica:** ingresos mensuais brutos: máximo 40 puntos.

- 1.º Con ingresos mensuais iguais ou inferiores a 628,80 €: 40 puntos
- 2.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 628,81 € e 900,00 €: 35 puntos
- 3.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 901,01 € e 1.050,00 €: 30 puntos
- 4.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 1.050,01 € e 1.200,00 €: 25 puntos
- 5.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 1.200,01 € e 1.350,00 €: 20 puntos
- 6.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 1.350,01 € e 1.500,00 €: 15 puntos
- 7.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 1.500,01 € e 1.700,00 €: 10 puntos
- 8.º Con ingresos mensuais comprendidos entre 1.700,01 € e 1.900,00 €: 5 puntos
- 9.º Con ingresos mensuais superiores a 1.900 €: 0 puntos

Para o cálculo teranse en conta os ingresos brutos mensuais da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa cónxuxe parella de feito ou persoa coa que manteña unha unión estable e de convivencia cunha relación análoga á conxugal, fillo ou filla con discapacidade ou acompañante, aplicándose a puntuación media resultante.

Para determinar os ingresos mensuais medios computaranse todos os ingresos percibidos por cada unha destas persoas, computables ao longo do último ano dispoñible, divididos entre 12 meses.

En caso de empate na puntuación total, terán preferencia, por esta orde, as solicitudes correspondentes a persoas con menores ingresos e, en segundo lugar, as de maior idade.